

deles que non se podesen atopar en ningunha outra obra de
Ortega, e que non se atopan en ningunha outra obra de
estetica de Ortega.

As novas aportacións ao estudo da teoría estética de
Ortega y Gasset son:

NOVAS APORTACIONES AO ESTUDO DA TEORIA ESTETICA DE

ORTEGA Y GASSET

Obras de Nel Rodríguez Rial, que son ensayos complementarios que ob-
tuvieron de Ortega y Gasset o sucesores de su escuela, como el libro
de Díaz de Mendoza titulado "Ortega y Gasset" (1961), "Ortega y
Gasset" (1962) y "Ortega y Gasset" (1963).

Nel Rodríguez Rial

que son ensayos que se han escrito sobre la obra de Ortega y Gasset, que son
igual que obsequio de la Escuela de Estética de Madrid, o escritos por
autores que no son de la Escuela de Estética de Madrid.

PRESCOTT, Edward K.: *Art and Reality in the Aesthetic Theory of
Ortega y Gasset* (Dissertation), University of California,
Berkeley, 1965. (Published in microfilm-xerography by
University Microfilms International), 212 pp., 15,5 x 21.

JUNG, Robert W.: *The Aesthetics of José Ortega y Gasset*,
(Dissertation), Urbana, University of Illinois, 1966, (Published
in microfilm-xerography by *University Microfilms
International*), 250 pp., 15,5 x 21.

Cicais a algún lector poida resultarlle estranxo, cando non inxustificado, o que
reseñemos e comentemos como novidade bibliográfica duas obras que viron a luz alá
por meados da década dos sesenta. En descargo, e a modo de aclaración, direi que estes
ensaios son duas teses doctorais que somente están recollidas en microfilm pola
University Microfilms International, e que só ofrece xerocopia das, como algún lector
saberá, a aqueles particulares que exprofesamente llo pidan.

Esta especial circunstancia bibliográfica sumada ao feito de estaren escritas en
língua inglesa, parece que contribuíu a que estas duas obriñas fosen ignoradas pola
maioría dos estudiosos de Ortega, pois teño que confesar que despois de pasaren
quince anos desde a súa "publicación", e a pesares de estar recollidas por Udo Rukser
na súa *Bibliografía de Ortega* (1), non logré velas citadas en nengún dos artigos e
traballos que en col de estética orteguiana se levan publicados.

1. RUKSER, Udo: *Bibliografía de Ortega*, Revista de Occidente, Madrid, 1971, páxs. 250 e
e 251.

Así pois, coidamos que a reseña de estas duas teses ven a ser unha noticia bibliográfica de relativa novidade, ao mesmo tempo que contribue lenemente a remediar a pouquedade de estudos en col das ideas estéticas de Ortega.

Cando un comeza a ler por primeira vez a obra tan largacia de Ortega un sorpéndese de que os estudos estéticos fosen para o filósofo un dos seus maiores centros de interés, non sendo, de nengunha maneira, escritos secundarios ou derivados do que poideramos considerar o miolo da sua doctrina filosófica: a metafísica. Podemos dicer, sen medos a engaños, que o período que vai desde o seu primeiro artigo "Glosas" (1902) deica a publicación de *La rebelión de las masas* en 1930, as obras adicadas a cuestiós de artes plásticas e de crítica literaria predominan absolutamente. E áinda despois, no período subseguinte, xa cando primaban nel os problemas políticos e metafísicos, as cuestiós estéticas seguían ocupando un lugar importante na súa produción. E non deixá de ser curioso que, ao fin da sua vida, cos *Papeles sobre Velázquez y Goya* (1950), *Idea del teatro* (1946), *Goya* (1958), *Velazquez* (1959), as cuestiós estéticas volvan a ocupar o centro da sua atención.

Resulta case inexplicábel que a un aspecto tan esencial da obra de Ortega se lle teña prestado tan pouca atención, pois son contados os artigos e estudos que sobre estética orteguiana se levan publicados. Pode que tal desconsideración obedezca a un inxustificado desprecio cara as cuestiós estéticas tanto por parte dos profesionais da filosofía como dos estudiosos de Ortega. Temos de agradecer tanto a Robert Jung como a Edward Prescott o que non participasen de tal teima e poidan ser hoxe as suas teses doctorais os dous únicos traballos extensos (2) que en col de estética orteguiana se levan publicados.

No casal intelectual de Don José Ortega y Gasset hai moitos vansi. Robert Jung na sua disertación propónse amosar un deles —a Estética—, sen dúbida un dos máis adoitos e queridos por aquel home de erudición vorace e intereses omnívoros, que fixeron del un auténtico "Erasmo do século XX". Xornalista por destino familiar e vocación familiar, viveu sempre a cabalo do seu século, atento aos problemas do seu tempo, consciente de que se quería chegar ao gran público e poñelo ao corriente do último que sucedía en política, filosofía, arte, etc. —e así camiñar cara a rexeneración do país— compría considerar as cousas *sub especies publicitatis*, abordar a actualidade

2. En castelán existen dous traballos que merecen ser sinalados polo seu interés e extensión: o de Enrique Lafuente Ferrán, *Ortega y las artes visuales* (R. Occidente, 1970) e unha antoloxía de José Edmundo Clemente de textos estéticos de Ortega, titulada *Ortega y Gasset. Estética de la razón vital* (Edic. La Reja (Buenos Aires, 1956).

coa fervenza e gracia suficientes para fixar a atención dos leitores. Isto fixo que a sua obra non gozase de demasiada sistematicidade e coeréncia, propriedades que deben, normalmente, caracterizar toda produción filosófica.

Os escritos estéticos atópanse salferindo toda a sua obra e aínda que hai entre eles certa continuidade, nunca existiu por parte de Ortega a operante intención de construir unha teoría estética unitaria e independente. As ideas estéticas están adoito mesturadas con plantexamentos ontolóxicos, gnoseolóxicos, epistemolóxicos, éticos, etc., o que obriga a una labor de escardadura textual a aquel que se propoña presentar de xeito corporativo e sistemático o seu pensamento estético. Robert Jung resistiuise a elixer tan penoso camiño. Optou no seu traballo por unha alternativa menos árdega e comprometedora. O autor dividiu a producción estética de Ortega en dous grandes períodos, 1906–1916 e 1921–1925), comentando por orde cronolóxico aqueles artigos e estudos más estritamente vencellados aos problemas estéticos. Así, despois dun Capítulo I a modo de “Introducción” –no que o máis destacábel e polémico é a inclusión de Ortega dentro da Xeneración do Novento e oito e do Existencialismo–, os tres capítulos seguintes adícaos á análise dos artigos cortos do Primeiro Período (Capítulo II); ao estudio dos dous traballos mais extensos do mesmo período –“Adán en el Paraíso” e *Las Meditaciones del Quijote*– (Capítulo III); á análise dos traballos mais representativos do Período Tardío –“La isla del arte”, “Musicalia”, “El arte en presente y en pretérito”, “Sobre el punto de vista en las artes”, e “El tema de nuestro tiempo”– (Capítulo IV), e por último, na “Conclusión” (Capítulo V), Robert Jung elabora un sumario dos temas estéticos principais: a Natureza do Coñecimento, a Natureza da Arte, a Función da Arte, a Evaluación estética e a Crítica da Arte (apartado “b”); sinala a incoerenza da “teoría” estética como un mal derivado das alternancias metafísicas e epistemolóxicas do autor, (apartado “c”); volve a tratar o tema do existentialismo de Ortega facendo ver agora que este abrangue o seu pensamento estético (apartado “d”) e remata o libro cunha comparación entre *La deshumanización del arte* e o resto dos traballos analizados.

A valoración que nos merece a obra de Robert Jung poderíamos resumila nos seguintes puntos:

1. O estudo, a pesares de ser un intento de presentar e analizar o pensamento estético de Ortega desde unha perspectiva diacrónica completa, ten visiveis defectos: a) ignora os dous primeiros artigos –de intencionalidade e contido estritamente estéticos– escritos por Ortega, e que son “Glosas” (1902) e “La ‘Sonata de estío’ de Don Ramón del Valle-Inclán” (1904), que dan, por unha banda, fe do interés que sentía o xoven filósofo por as cuestiós estéticas e, por outra, son un testemuño sumarísimo, pero claro, das ideas que vertebrarán a sua futura producción estética; b) fai parar o pensamento estético de Ortega na *Deshumanización del arte* (1925), cando sería

obrigado abrir un terceiro período no cal meteríamos os seus derradeiros escritos : *Papeles sobre Velázquez y Goya* (1950), *Idea del teatro* (1946), *Goya* (1958) e *Velazquez* (1959) aos que Robert Jung apenas fai referencia algunha.

2. Entre o primeiro período que o autor fai (1906–1916) e o segundo e último (1921–1925) queda un intervalo de tempo que Robert Jung desconsidera por completo pero que nembargantes ten, ao noso entender, unha grande significancia histórica á que o pensamento de Ortega non foi, en xeito algúin, insensíbel. O ano 1914 marcou o comezo da Primeira Guerra Mundial. Este feito deu paso a unha crítica dos valores glorificados polo século XIX, especialmente os ligados á *Kultur*, por parte de filósofos, artistas, etc. O pensamento de Ortega non estivo ao marxe do vendaval anticulturalista que desataron os múltiples movementos (Dadá, surrealismo, cubismo, ultraísmo, creacionismo, etc., etc.) nos anos da postguerra e que o noso filósofo tratou de comprender, desde claves moi persoais, na *Deshumanización del Arte*.
3. E xa un principio metodolóxico comunmente aceptado, o iniciar os estudos sobre a tarefa intelectual dun autor cunha referencia obrigada á “circunstancia” que foi matriz da súa vida, marco e alento da súa laboura. Este sinxelo criterio metodolóxico, segundo o cal todo pensamento só pode á luz do seu contexto histórico ter pra nós plena intelixibilidade, faise, no caso de Ortega, imperativo ineludíbel, preceito que nace do corazón mesmo da súa doutrina. Este é un dos maiores defectos do estudo de Robert Jung: o non presentar o pensamento estético de Ortega vencellado ao ambiente socio-artístico e estético-filosófico da sua época.
4. Parécenos moi discutíbel dicer que Ortega pertenceu á Xeneración do Noventa e oito. Nós defenderíamos a existéncia dunha “xeneración–ponte” entra a do noventa e oito e a do vintesete, que poderíamos chamar a Xeneración do 1914, á que pertencerían Moreno Villa, León Felipe, Mauricio Becarisse, Ramón de Basterra, Díez Canedo, Domenchina, Ortega, D'Ors, Marañón, Pérez de Ayala, Américo Castro, Madariaga, Zulueta, Gomez de la Serna..., xeneración que enche o primeiro cuarto de século e que provén do binomio Noventa e oito–Modernismo. Para Guillermo Díaz Plaja os “novecentistas” –así gosta de chamar aos de esta xeneración– sustituen os modos autodidactas, anarquizantes e boémios por unhas maneiras más pulcas e sistemáticas; conectan coas correntes más innovadoras da cultura europea, o que os leva a unha revisión da súa conciencia de españois ao traverso dun coñecimento riguroso do noso pasado; manteñen a idea de realizar a revolución cultural “desde o poder”, diferenciándose dos intelectuais anteriores que empregaban como tribuna pública o café, os xornais, o mitín, o folleto e o libro; opoñen no plano ideolóxico os seus ideais aos do Oitocentos (Romanticismo, Realismo, Modernismo), exaltando os valores universais, frente dos subvalores típicos ou nacionais; e impoñen na vertiente estética o arte como libre xogo, non sometida a ser reflexo do real.

A obra de Robert Jung acerta parcialmente na interpretación e comprensión da teoría da Arte de Ortega. Parécenos axeitado e fidel ao que pensaba o noso filósofo o

asignarlle á Arte, por unha banda, a función metafísica de: a) ser encarnamento e revelación do Ser ou Realidade vivida do “Eu-en-circunstancia”, b) poñermos en contacto coas realidade fundamentais e eternas da vida, revelándonos as esixéncias espirituuáis dunha época; e por outra a función metodolóxica pola que a Arte é un camiño para clarificar e resolver o problema do home, mediante a individualización e a concreción, ás avesas da ciéncia, que é un instrumento de xeneralización e abstracción. O autor do traballo descobre que para Ortega a Arte ten unha terceira función de tipo social: a arte, en especial a máis nova, actúa como instrumento de bifurcación social, afondando a separación das clases sociais ao reforzar a conciencia da élite como clase dirixente e a da masa como involuntaria, torda, cega para comprender os produtos refinados da élite artística.

Pensamos, nembargantes, que estas tres funcións da Arte son sostidas por Ortega soio en algunas das suas obras, tendo unha relativa e temporal validez, non refrexando o carácter permanente que para él tiña a Arte: ser un mundo de irrealidade ao que escapamos cando a vida real nos cansa e afoga. Esta “función escapista”, que é a mais axeitada ao pensamento de Ortega, veremos que constitue a hipótese que da corpo a tese doctoral que imos comentar a continuación.

A pesares destes defectos coidamos que o leitor topará na obra de Robert Jung unha “guía” para o seguimento da evolución das ideas estéticas de Ortega. O seu plantexamento diacrónico pensamos que é o mais axeitado para presentar un pensamento que sempre estivo en camiño, e que sempre se viu vencellado aos acontecimentos, ás novas circunstancias que foron callando no correr dos tempos.

En canto a *Art and Reality in the Aesthetics Theory of Ortega y Gasset* temos que dicer que Edward Prescott propone analizar o tipo de relación que para Ortega a Arte manteñen coa Realidade. Neste senso o autor sostén como hipótese de traballo o que a Arte é, para o noso filósofo, un medio de escape da Realidade. Ao longo da sua tese Prescott tenta de darlle corpo a esta “teoría escapista” da Arte. Consciente de que Ortega era un metafísico profesional, un home que, como a miúdo dicía, gostaba de ver a realidade sistemáticamente, tenta de probar que esta particular formulación da teoría da Arte é en Ortega a lóxica consecuencia do seu particular sistema metafísico.

O estudo de Prescott é, pois, un intento de amosar a relación entre a estética e a metafísica de Ortega, deixando ver como esta última levoulle a formular a sua persoal teoría escapista da Arte.

O libro presenta unha estrutura moi sinxela, pois só consta dunha pequenísima “Introdución” (pp. 1–4) e de duas partes tituladas “Arte” (pp. 5–103) e “Realidade” (pp. 104–178).

Na primeira o autor fai un recorrido polos escritos estéticos mais representativos, vendo o papel que se lle asigna á Arte. Así ve que en “Poesía nueva, poesía vieja” (1906) xa está formulada por primeira vez e de maneira inequívoca a teoría escapista da Arte, a pesares de que Ortega lle asigna eiquí a importante misión de iluminar os problemas, “as pasiōns cardinais do vivir do universo”. Este outo grau de dignidade sigueo mantendo en escritos desta primeira época, como “Renan” (1909), no que a Arte é simbolización, metáfora pola que expresamos a totalidade do mundo, e “Adán en el Paraíso” (1910), no que se lle asigna o papel de crear un mundo virtual no que se faga posíbel unha totalidade ficticia, unha como infinitude. Para Prescott esta importancia perdeu a Arte nas *Meditaciones del Quijote* (1914), xa que é agora a Filosofía a encargada da síntesis, de ordear e apreender a totalidade dos fenómenos. A Arte é vista, por primeira vez e para sempre, como pura e simple irrealdade, sendo o seu único papel o ofrecer unha saída da crua realidade. A estética de Ortega chegou así a sua madureza.

O autor sigue o fío desta teoría da Arte en estudos posteriores, especialmente na *Deshumanización del arte* (1925) –“deshumanización” como fuxida da realidade humana hacia o mundo do formalismo, da “art pour l’art”– e na *Idea del teatro* (1946) –teatro como metáfora corporizada, como mundo da farsa, da irrealdade, do “como si”–, conferencia que suministra, sobre unha metafísica madura unha xustificación final, mais clara e profunda, da sua teoría escapista da arte, que topa nesta conferencia a sua culminación.

Na segunda parte –“Realidad”– Edward Prescott trata de descobrir as causas que levaron a que a Arte fose perdendo dignidade e chegase a ser unha ventá aberta pola que o home escapa do mundo real. Para isto ten que volver a facer un examen da metafísica de Ortega e amosando cómo a sua particular filosofía sobor da realidade deu lugar a sua teoría escapista da arte. En concreto, Edward Prescott cree que a natureza e función da arte dependerá, no caso de Ortega, no grau de reconciliación do obxecto e do suxeito, do mundo e do home. Si a distinción ontolóxica entre eles é resolta, se son vistos como unha unidade, entón non ten por qué existir o desexo e necesidade de escapar, polo que a arte sería más ben o medio de expresión da unidade que se sinte e vive. Pero, según apunta o autor da tese, o intento de Ortega de reconciliar suxeito e obxecto foi, segundo E. Prescott, o descoñecimento e desconsideración que tivo cara a psicoloxía profunda e o desprecio cara os factores irracionais que moven a conducta e a creatividade do home.

Se Ortega tivese unha maior consideración cara estes fenómenos, cícais a Arte, en lugar dunha fuxida da realidade e da vida, “deberá ser —remata decindo E. Prescott— para él como o foi para Heidegger, o instrumento de unión coas cousas creadas” (páxs. 177 e 178).

Dado que a hipótese mantida polo autor parécmeme axeitada cara a explicación da teoría da Arte de Ortega, só me queda sinalar como aportación importante deste estudo o feito de que E. Prescott correlaciona a teoría estética de Ortega coas suas ideas metafísicas e faga desta correlación o eixo argumentativo da sua tese.